

Resolución definitiva de 28 de xuño de 2017 pola que se seleccionan as empresas beneficiarias a participar na segunda edición do programa Agrobiotech Innovación.

Mediante Convocatoria do Parque Tecnolóxico de Galicia publicada o 5 de maio de 2017 na súa páxina web e na web [agrobiotech.gal](http://agrobiotech.gal) establecéronse as bases reguladoras para a selección de Pemes na primeira edición do programa Agrobiotech Innovación.

Unha vez concluído o prazo de presentación de solicitudes, ampliado mediante resolución ata o 7 de xuño de 2017, e o prazo de emenda de defectos detectados nas mesmas, e avaliadas as solicitudes presentadas polo Comité Técnico de acordo cos requisitos de admisión de candidaturas así como cos criterios de valoración dos beneficiarios establecidos nas bases da convocatoria, elevouse por parte do Comité Técnico o seu informe técnico de 21 de xuño no que se recolle a puntuación acadada polas 20 empresas que cumpriron cos requisitos e presentaron a documentación en prazo para participar na primeira edición do programa Agrobiotech Innovación.

A proposta de resolución coa lista das 10 empresas que acadaron maior puntuación foi asinada en data 22 de xuño e foi notificada a todas as empresas interesadas, as cales presentaron en tempo e forma o Anexo II das bases da convocatoria solicitado.

En virtude do anterior, e de conformidade co establecido nas bases da convocatoria,

#### RESOLVO:

**Primeiro.-** Seleccionar ás empresas que se relacionan a continuación para a súa participación na segunda edición do Programa Agrobiotech Innovación:

Clasificación	Entidade	NIF	Sector	Provincia
1	ALLGENETICS & BIOLOGY SL	B70306840	BIOTECNOLOGÍA	A Coruña
2	QUBIOTECH HEALTH INTELLIGENCE, S.L.	B70437959	BIOTECNOLOGÍA	A Coruña
3	GLOBAL AND ECOFRIENDLY NATURAL EXTRACTS, S.L.	B32444325	AGROALIMENTARIO	Ourense
4	FIABLONE SL	B27790609	AGROALIMENTARIO	Pontevedra
5	BIOSTATECH, ADVICE, TRAINING & INNOVATION IN BIOSTATISTICS, S.L.	B70326459	BIOTECNOLOGÍA	A Coruña
6	QUEIXERÍA PRESTES S.L.	B27364199	AGROALIMENTARIO	Lugo
7	INDROPS LABORATORIO DE ANALISIS Y CALIDAD MEDIAMBIENTAL S.L.	B70318589	BIOTECNOLOGÍA	A Coruña
8	XENOTECHS LABORATORIOS, SL	B70116330	AGROALIMENTARIO	Lugo
9	BIOMASA FORESTAL, SL	B70055074	BIOMASA	A Coruña
10	VEIGAS DE SABUGUEIRO SL	B32332827	AGROALIMENTARIO	Ourense

As Pemes definitivamente seleccionadas como beneficiarias do programa Agrobiotech Innovación asumirán as obrigas establecidas na base 5 das bases reguladoras da convocatoria.

Segundo.- Publicar esta resolución na web [www.tecnopole.es](http://www.tecnopole.es) e na web [agrobiotech.gal](http://agrobiotech.gal)

San Cibrao das Viñas, 28 de xuño de 2017



D<sup>a</sup>. Patricia Argerey Vilar  
Vicepresidenta e Conselleira-Delegada  
Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A.